

Usos da lingua e actitudes lingüísticas

1. Traballo individual.

1.1. Le con atención estas notas teóricas e contesta as cuestións que as seguen.

LINGUA MINORIZADA e LINGUA DOMINANTE

A comunidade lingüística galega, de preto de 3 millóns de falantes, esténdese por todo o territorio da Comunidade autónoma e mais pola chamada Galiza exterior (parte occidental de Asturias, León e Zamora). Nela coexisten dúas linguas, a propia do territorio e única durante sete séculos, o galego, e a introducida no s. XV polas clases dirixentes vindas de Castela para substituír a nobreza galega, o castelán.

A existencia de dúas linguas marcadas socialmente provoca un conflito lingüístico, posto que:

a) o galego viu restrinxidas as súas funcións e os seus ámbitos de uso na sociedade (aínda hoxe ten unha escasa presenza na xustiza ou nas empresas, por exemplo), é dicir, foi convertida en **lingua minorizada -que non minoritaria!**-, situación que se pretende modificar coa normalización lingüística;

b) o castelán estableceuse en Galiza desde o poder político e económico e ficou desde aquela marcado positivamente, con maior prestixio social. Este dominio outórgalle o papel de **lingua hexemónica ou dominante**, aínda que sempre foi minoritaria en Galiza.

BILINGÜISMO e DIGLOSIA

En comunidades como a nosa, temos que ter en conta dous conceptos para entender o comportamento dos seus falantes:

◆ O **bilingüismo**, que é a competencia de uso nos dous sistemas lingüísticos, a capacidade das persoas para comunicarse con semellante destreza en galego e en castelán.

Ⓢ A **diglosia**, que é a diferenciación de funcións sociais para cada unha das linguas, o emprego do galego ou do castelán por parte do falante segundo tres factores: o grao de formalidade -o galego só para usos informais-, os contextos ou situacións -o galego reducirase ao rural e aos barrios- e os interlocutores -usase o galego ou o castelán dependendo do seu status social, da confianza, etc.

Segundo o anterior, podemos establecer tres grandes grupos de falantes en Galiza:

- 1) *Bilingües diglósicos*. Grupo amplo, que emprega o galego normalmente, pero cambia para o castelán cando actúan os factores da diglosia. Soe ter asumidos prexuízos como o que identifica o galego con lingua bruta, para usos familiares e reducidos, e o castelán con lingua culta e moderna, necesaria para as relacións importantes e elevadas.
- 2) *Monolingües en castelán* (sen suficiente competencia en galego). Grupo minoritario que está a medrar nas zonas urbanas.
- 3) *Monolingües en galego* (con competencia bilingüe). Constituído sobre todo por falantes con conciencia galeguista.

INTERFERENCIA LINGÜÍSTICA

Nunha situación de contacto entre linguas na que a dominante presiona sobre a minorizada, é frecuente que se produzan interferencias, que cómpre evitar. Así, non son aceptábeis castelanismos morfolóxicos (como *estos, *conduxen...), sintácticos (*o collín...) nin léxicos (*conexo, *tenedor...). Véxase o apartado correspondente do libro de texto.

CUESTIÓNS:

- Canto tempo leva o galego como lingua minorizada? Canto tempo foi a lingua única de Galiza?
- O portugués, variante do mesmo sistema lingüístico có galego, é lingua dominante en Brasil, Angola, Mozambique, etc. Pola súa parte, o castelán é lingua minorizada en Puerto Rico, fronte o inglés. Que circunstancias provocarán estas diferentes situacións? Pode o galego deixar de ser lingua minorizada?
- Que será entón a normalización lingüística?
- Segundo a túa experiencia, que factor da diglosia cres que é menos importante para facer que deixe de usar o galego unha persoa bilingüe diglósica?
- Unha persoa que exerce de monolingüe en galego soe ter competencias semellantes en galego e en castelán, mais os monolingües en castelán non teñen suficiente dominio do galego; a que cres que se deberá isto?

1.2. Clasifica razoadamente nun dos anteriores grupos de falantes os personaxes principais do fragmento de banda deseñada que acompaña estas actividades e continúa a historia.

1.3. Realiza a enquisa que se achega en folla á parte. A primeira persoa á que lle tes que facer o inquérito será un familiar que **supere os 40 anos** de idade. A segunda persoa será un **galegofalante habitual maior ca vós e menor de 40 anos** (un/unha alumno/a de bacharelato, un/unha profe novo/a, un universitario que coñezades...). A terceira persoa enquisada sodes **vós mesmos/as**.

2. **Traballo grupal**. En grupos de 4 integrantes, seguíde estes pasos.

2.1. **Análise** dos datos recollidos por todos dos membros do grupo: porcentaxes das diferentes respostas, usos maioritarios e actitudes detectadas. **Encadramento** de cada persoa enquisada nun dos grupos de falantes (se non vos parece posíbel, explicade por que). **Contraste** por idades. Contraste con resultados de enquisas de ámbito galego, que indican que hai actitudes lingüísticas máis favorábeis ao galego na xente nova, a pesar de empregalo menos, un apoio maioritario á promoción do galego (nos medios, na publicidade...), etc.

2.2. **Planificación da súa presentación** ao resto da clase.

Elaboración dun guión con: introdución (proceso de traballo, presentación das persoas enquisadas e comentarios sobre a realización da enquisa), desenvolvemento (resultados da análise), recapitulación-conclusión.

Usade conectores de orde e enumeración (*en primeiro lugar, nun primeiro momento, por último...*), de topicalización (*en canto a, en referencia a, polo que se refire a, a respecto de...*), de adición (*ademais, aínda máis, por outro lado...*) e de recapitulación e conclusión (*en resumo, en definitiva...*).

Coidade a variación léxica para evitar repeticións innecesarias: *tratar, analizar, interpretar...; observar, poñer de relevo, subliñar...; demostrar, probar, constatar...; crecemento, medra, aumento...; baixada, descenso, mingua...; uso, emprego, utilización...; galego, a nosa lingua, lingua propia de Galiza...*

Reparto de contidos (para expoñer) entre os membros do grupo e coordinación na intervención oral.

2.3. **Presentación oral**. Atendede estas recomendacións:

- falar con voz firme, boa articulación e naturalidade (nin lento nin demasiado rápido).
- mirar os compañeiros e compañeiras e non manter a vista no guión.
- variar o ton de voz cando sexa preciso poñer algo de relevo e en xeral para evitar a monotonía
- empregar un galego estándar, evitando formas excesivamente coloquiais e as incorreccións.
- estruturar ben o contido mediante o uso de conectores e organizadores textuais.
- empregar materiais de apoio (diapositivas...).

ENQUISA SOBRE USOS LINGÜÍSTICOS E ACTITUDES

CUESTIÓNS	1. Persoa maior de 40 anos.	2. Galegofalante menor de 40 anos.	3. Eu
1. Que lingua falas habitualmente? Que lingua falaban os teus avós?		Galego.	
2. En que lingua escribes unha carta ou un correo electrónico a un familiar que fala galego? E a un que fala castelán?			
3. De 1 (moi baixa) a 10, con que fluidez cres que falas o galego?			
4. Que lingua empregas máis nas relacións cos/as amigos/as? E cos cativos e cativas da familia?			
5. En que situacións falas galego? (especifica as máis usuais, a non ser que a resposta sexa “practicamente en todas”)			
6. En que situacións falas castelán? (especifica as máis usuais, a non ser que a resposta sexa “practicamente en todas”)			
7. Se non es monolingüe en galego, que razóns impiden que non empregues máis o galego?			
8. En que lingua prefires que se realice a publicidade nos medios de comunicación galegos, nos comercios, etc.?			
9. Nunha escala de 1 (totalmente en desacordo) a 5 (totalmente de acordo), posiciónate diante destes feitos: -O galego é apto para ensinar calquera ciencia -En Galiza, o galego é útil -Debería empregarse máis o galego			

